



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o convenio asinado co concello de Ribadeo para constituír unha agrupación de Concellos co obxecto de desenvolver e executar o Obradoiro Dual de Emprego “Constrúe en Verde”, encomendando a xestión ó concello de Ribadeo.

O concello de Ribadeo, o 29 de outubro de 2024, remite as bases para a contratación de 20 alumnos/as-traballadores e 2 monitores/as que van desenvolver dito Programa de Emprego.

Segundo o convenio asinado a competencia para a determinación do contido das bases correspóndelle ó concello xestor, neste caso o concello de Ribadeo, pero tendo en conta que a encomenda de xestión non supón a cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órganos ou entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ao que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda, considérase necesario proceder tamén á aprobación das bases de selección deste posto de traballo por parte do concello de Barreiros.

Tendo en conta o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e demais normativa concordante e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a posta en marcha urxente do proceso selectivo indicado conforme ás seguintes bases:

BASES CONVOCATORIA PERSOAL ALUMNADO PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO CONSTRÚE EN VERDE

Primeira.- Características

1. Relación xurídica das persoas traballadoras participantes coa entidade promotora do programa de emprego.

Durante a súa incorporación ao programa de emprego as persoas alumnas-traballadoras seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato de formación en alternancia.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de nove meses e serán a xornada completa.

As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.





Os lugares de traballo estarán localizados en instalacións do Concello de Ribadeo e do Concello de Barreiros.

Os desprazamentos aos mesmos serán por conta do alumnado-traballador en función de onde se desenvolva o módulo.

2. Persoas beneficiarias participantes

Poderán ser persoas beneficiarias participantes deste programa aquelas persoas que, **estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia**, teñan unha idade igual ou superior aos dezoito anos e que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no momento da selección do alumnado.

Para poder participar no proceso selectivo as persoas aspirantes deberán ser remitidas ao Concello de Ribadeo a través do Servizo Público de Emprego.

3. Requisitos das persoas aspirantes

- Para poder participar neste programa é imprescindible cumprir **os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia**, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- As persoas participantes no proceso selectivo deberán de cumprir os requisitos esixidos na Lei 18/2014 modificada polo Real decreto lei 6/2016 do 23 de decembro, no momento da selección e con carácter previo a participar nos obradoiros de emprego. Por este motivo, a persoa seleccionada deberá de cumprimentar unha declaración responsable.
- Se a formación que se vai a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, as persoas seleccionadas deberán de reunir os requisitos sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados de profesionalidade.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.





- Non ter sido separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.
- No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, con independencia de que o rematase con resultado apto ou non, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional ou noutro da mesma familia excepto que o certificado a cursar sexa de nivel superior.

4. Causas de exclusión

- Posuír calquera dos módulos ou unidades formativas que se programan no obradoiro de emprego e para a cal foi seleccionado/a.
- Ter participado con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego da mesma especialidade ou familia, con independencia do resultado de apto/a ou non apto/a, agás que o certificado a cursar sexa de nivel superior.
- Non reunir os requisitos esixibles para poder asinar un contrato para a formación en alternancia.

Segunda.- Oferta de emprego

A oferta de emprego presentarase na oficina de emprego de Ribadeo, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

OFERTA 1

- **Ámbito xeográfico:** Concellos de Ribadeo e Barreiros. No caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliarase aos concellos limítrofes (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego).
- **Especialidade formativa:** EOCB0109: Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción
- **Número de persoas alumnas-traballadoras:** 10
- **Ocupacións ou postos de traballo relacionados:**
 - Peóns/as da construción de edificios
 - Operario/a de acabados
 - Axudante de albanel/a





- Axudante de pintor/a
- Peón/a especializado/a
- **Data na que deberá ser cursada:** ata o 21.11.2024
- **Data a partir da que será realizada a sondaxe:** dende a publicación das bases de selección
- **Data na que se realizará a selección:** o 22.11.2024
- **Requisitos:** reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases: NIVEL 1.

Outros: A sondaxe deberá priorizar ás persoas candidatas que non participaran noutro obradoiro dual de emprego ou programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores, e de ser o caso, indicar aqueles candidatos que tiveran participado nestas convocatorias a efectos de realizar a valoración dos criterios de selección.

OFERTA 2

- **Ámbito xeográfico:** Concellos de Ribadeo e Barreiros. No caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliarase aos concellos limítrofes (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un programa de emprego).
- **Especialidades formativas:** SEAG0209: Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais, SSCM0108: Limpeza en superficies e mobiliario en edificios e locais e SEAG0108: Xestión de residuos urbanos e industriais
- **Número de persoas alumnas-traballadoras:** 10
- **Ocupacións ou postos de traballo relacionados:**
 - Varredor/a
 - Operario/a en mantemento de sumidoiros
 - Operario/a de limpeza viaria e afíns
 - Peón/a de recollida de residuos
 - Persoal de limpeza ou limpador, en xeral
 - Cristaleiro/a de edificios





- Operador/a de instalacións de tratamento e eliminación de residuos (agás radioactivos), en xeral
 - Operador/a de planta de tratamento de residuos sólidos urbanos
 - Operador/a de planta de tratamento de residuos forestais, agrícolas e industriais
 - Recolledor/a de lixo
- **Requisitos:** reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases: NIVEL 2.

A sondaxe terá en conta aquelas persoas que teñan solicitado algún dos seguintes servizos:

- 320: Escola taller programas
- 330: Casa de oficio
- 340: Taller de emprego
- 370: Outros programas de emprego formación dual

A oficina de emprego remitirá ao Concello de Ribadeo a relación das persoas candidatas resultado da oferta, sen que exista un límite do número de persoas enviadas sempre e cando cumpran os requisitos mínimos establecidos nesta convocatoria.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ás persoas candidatas o lugar, data e hora da selección. A esta selección, as persoas convocadas deberán asistir provistos da documentación, en orixinal e copia, que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos así como os criterios a ter en conta segundo o baremo desta convocatoria.

A selección da especialidade formativa EOCB0109: Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción terá lugar o 22 de novembro na Casa do Concello de Ribadeo ás 10.00 horas.

A selección das especialidades formativas SEAG0209: Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais, SSCM0108: Limpeza en superficies e mobiliario en edificios e locais e SEAG0108: Xestión de residuos urbanos e industriais terá lugar o 22 de novembro na Casa do Concello de Ribadeo ás 12.30 horas.

Terceira.- Proceso de selección





Segundo as bases que regulan este programa, daráselle preferencia ás persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizaranse aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

Ademais, priorizaranse as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas paradas de longa duración; as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as familias monoparentais con fillos/as a cargo; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior –excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación– xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e ás persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

Terán prioridade en todo caso as persoas candidatas que non participaran nun obradoiro dual de emprego ou nun programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.

Dado o anterior os obxectivos do programa e o carácter formativo e de inserción laboral o proceso de selección será a través dun baremo de méritos, sendo este o sistema máis obxectivo para realizar un proceso de selección destas características.

Unha vez elaborada a listaxe do alumnado-traballador proposta, o Concello de Ribadeo deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que compren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos ou alumnas propostos non cumprira ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora antes do inicio do programa de emprego para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A distribución final do alumnado seleccionado por concellos, tal e como se establece no convenio de encomenda de xestión do Concello de Barreiros ao Concello de Ribadeo, será do 70 por cento para o Concello de Ribadeo e do 30 para o concello de Barreiros para cada especialidade formativa. Se non houbese alumnado suficiente para manter esta distribución, aplicarase a porcentaxe máis próxima posible.

Cuarta.- Baremo de méritos

As persoas alumnas-traballadoras seleccionadas para cada especialidade serán as que acaden a maior puntuación no baremo de méritos que se detalla no ANEXO desta convocatoria, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima **de 20 puntos**.





En caso de empate nas puntuacións finais aplicaranse as normas establecidas pola circular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego que recolle as instrucións en relación co procedemento de selección do persoal docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros de emprego.

De seguir persistindo o empate, resolverase por sorteo ao que poderán asistir as persoas interesadas.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritas) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego.

Para a valoración dos méritos é requisito indispensable a presentación no momento da selección da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao tribunal constituído para realizar a selección. De non presentar esta documentación, os méritos non serán valorados.

As persoas que teñan participado nalgún obradoiro dual de emprego ou programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores pasarán directamente ao final da listaxe de persoas candidatas e, poderán ser propostas para a súa contratación como alumnado-traballador sempre e cando non se cubran as prazas coas persoas candidatas que non tiveran participado en obradoiros de emprego e non tivese realizado o mesmo certificado.

As persoas candidatas que non participaran nas últimas cinco convocatorias deberán de obter unha puntuación no baremo de méritos de **ao menos un 25% sobre a puntuación total, isto é 5 puntos do total.**

Quinta.- Exercicio de idioma galego

Este exercicio será eliminatorio e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 10 minutos. Valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto.

Se o exercicio contén mais de 15 faltas considerarase como NON APTO .





*Quedarán exentas de celebrar este exercicio aquelas persoas aspirantes que aporten antes da súa celebración o título oficial de coñecemento do idioma Celga 2 ou superior para o certificado de nivel 2 e o Celga 1 ou superior para o certificado de nivel 1.

Sexta.- Listaxe de reserva

Coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas-traballadoras o tribunal, antes do inicio do programa de emprego, poderá elaborar unha listaxe de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións.

En caso de producirse unha vacante a entidade promotora poderá propoñer como substituto/a ao alumno/a-traballador/a da listaxe de reserva que obtivera maior puntuación, logo de comprobar que segue a cumprir os requisitos precisos para participar no proxecto e que resulta conveniente a súa incorporación no estado de execución da obra ou servizo. Con carácter xeral, esta substitución so se poderá realizar durante os tres primeiros meses de execución do proxecto. A persoa alumna-traballadora que se incorpore deberá ser advertida das posibles consecuencias da súa tardía incorporación (por exemplo, a imposibilidade de obter o certificado profesional) e impartir a formación que resulte de obrigado cumprimento xa finalizada (por exemplo, a formación necesaria en materia de igualdade ou de prevención de riscos laborais).

En caso de esgotarse realizaríase novamente unha oferta na oficina de emprego de acordo co procedemento anteriormente descrito.

Sétima.- Admisión

As persoas seleccionadas serán admitidas pola entidade promotora, para participar no programa de emprego na condición de alumnos/as-traballadores/as sempre e cando cumpran os requisitos destas bases, para o que deberán de pasar un recoñecemento médico e ser declaradas aptas para o desempeño dos traballos a realizar no programa de emprego.

Oitava.- Incidencias e reclamacións

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante este tribunal no prazo de 2 días naturais, a contar dende o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas e serán resoltas por este sen que proceda ulterior recurso en vía administrativa.

Novena.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Presidenta:





CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

Titular: Mónica Barcia Paredes, Axente de Emprego e de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo

Suplente: Francisco M. Moreda Gil, Arquitecto Municipal do Concello de Ribadeo

Vogais:

Titular: Begoña Teijeiro Campo, Secretaria do Concello de Barreiros

Suplente: Jaime Pérez Fernández, Técnico de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo

Titular: Carlos Longarela Sanfiz. Arquitecto Municipal do Concello de Ribadeo

Suplente: José Luís Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo

Titular: María Neves Paz Vilar, Técnica de Cultura do Concello de Ribadeo

Suplente: Verónica Fernández Pérez, Responsable OMIX de Ribadeo.

Secretario con voz e sen voto:

Titular: D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello, Secretario en funcións da Corporación municipal de Ribadeo.

Suplente: D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación da Corporación Municipal.

Solicítase que o órgano de selección **poda contar con asesores na materia** obxecto das probas para o desenvolvemento das mesmas.

Novena.- Outras cuestións

As persoas aspirantes seleccionadas, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.





ANEXO: BAREMO DE MÉRITOS SELECCIÓN ALUMNADO OBRADOIRO DE EMPREGO “CONSTRÚE EN VERDE”

			PUNTOS
1	Idade	De 18 a 29 anos	1
		De 30 a 44 anos	2
		45 ou máis anos	3
2	Tempo de inscrición como demandante de emprego	Menos de 6 meses	1
		De 6 a 12 meses	2
		Máis de 12 meses	3
3	Protección por desemprego	Persoa perceptora de prestación contributiva	1
		Persoa perceptora de subsidio	2
		Persoa non perceptora	3
4	Nivel de cualificación	Titulación universitaria	1
		Bacharelato, CS Formación Profesional, Certificado de profesionalidade nivel 3 ou equivalente.	2
		ESO, CM Formación Profesional ou equivalente	3
		Sen estudos, estudos primarios, certificado de escolaridade, CB Formación Profesional ou equivalente	4
5	Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción (IPI) a súa participación neste programa con anterioridade á resolución da adxudicación do obradoiro.	1	
6	Grao de discapacidade maior ou igual ao 33%	1	
7	Mulleres vítimas de violencia de xénero	2	
8	Mulleres non incluídas no apartado anterior	1	
9	Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social (persoas receptoras de RISGA, Ingreso Mínimo Vital)	1	
10	Familia monoparental con fillos/as a cargo	1	
11	Persoa emigrante retornada	1	
TOTAL			20 pts

DOCUMENTACION A APORTAR POLAS PERSOAS CANDIDATAS O DÍA DA SELECCIÓN

O día da selección as persoas aspirantes deberán de aportar orixinal e copia dos seguintes documentos (**de non presentarse a documentación, o apartado non será valorado**):

Criterio 1.- DNI





Criterio 2.- Certificado da oficina de emprego no que figure o tempo de inscrición como demandante de emprego

Criterio 3.- Certificado de “Prestación actual” do servizo público de emprego.

Criterio 4.- Documentación acreditativa do nivel máximo de estudos que posúe (no momento de selección realizárase a maiores unha declaración responsable)

Criterio 5.- Certificado da oficina de emprego de ter planificado no seu itinerario profesional de inserción a súa participación neste programa

Criterio 6.- Certificado de discapacidade

Criterio 7.- Acreditación expedida polos servizos sociais da Administración pública autonómica ou local correspondentes

Criterio 8.- DNI

Criterio 9.- Certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do servizo correspondente

Criterio 10.- Certificado de familia monoparental, libro de familia, sentenza xudicial...

Criterio 11.- Certificado de Emigrante Retornado/a, baixa consular, ou documentación equivalente que acredite o retorno. Teranse en conta os retornos producidos nos últimos 2 anos antes da publicación destas bases

Outra documentación

Copia de documentación acreditativa do Celga 1, 2 ou Superior en función do certificado de profesionalidade ao que se opta.





BASES CONVOCATORIA MONITORADO PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO CONSTRÚE EN VERDE

Primeira.- Requisitos e funcións do posto

Postos: Dúas persoas monitoras para Obradoiro Dual de Emprego “Constrúe en Verde”.

Unha persoa para o certificado de profesionalidade “EOCB0109: Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” con funcións de **monitora-coordinadora a tempo completo** e coa categoría A2 (adaptarase a categoría ao nivel da persoa seleccionada, en todo caso A2 será a categoría máxima). A duración do contrato será de 9 meses.

Unha persoa para os certificados de profesionalidade “SEAG0209: Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais e SEAG0108 Xestións de residuos urbanos e industriais” con funcións de **monitora* a tempo completo** e coa categoría A2 (adaptarase a categoría ao nivel da persoa seleccionada, en todo caso A2 será a categoría máxima). A duración do contrato será de 9 meses.

* Para o caso de non atopar unha persoa monitora que cumpra cos requisitos de ambos certificados contratárase unha persoa por certificado, sendo a contratación de 5 e 4 meses respectivamente.

A publicidade da convocatoria realizarase mediante oferta dirixida aos Servizos Públicos de Emprego e anuncio nos taboleiros dos Concellos de Ribadeo e Barreiros así como nas sedes electrónicas das referidas entidades locais.

1. Requisitos xerais das persoas candidatas.

- Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a para o exercicio da función pública.

- Ter o nivel académico e a experiencia profesional exixida no artigo 168 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional e no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade correspondente á especialidade formativa que vai impartir.





- Estar en posesión da titulación e experiencia que se exige para cada posto, ou en condicións de obtela na data na que se realice a sondaxe.

- **Acreditar a competencia docente** mediante o Certificado Profesional de habilitación para a docencia. Estarán exentas desta acreditación aquelas persoas que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas nestas bases.

- Carné de conducir B e dispoñibilidade para desprazarse. O desprazamento aos diferentes lugares de traballo correrá a cargo da persoa traballadora.

Antes de ser proposta para a contratación, a persoa que acade a maior puntuación deberá de ser validada polo persoal técnico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que verificará/validará que cumpre cos requisitos mínimos que se consideran imprescindibles para o exercicio das funcións establecidas nas presentes bases, no caso de que non cumpra será proposta a seguinte persoa por orde de puntuación da listaxe de agarda.

2. Requisitos específicos de titulación e experiencia profesional.

Persoa monitora-coordinadora Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (EOCB0109)

As persoas candidatas deberán de cumprir un dos requisitos seguintes:

- Dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia (salvo as excepcións recollidas no artigo 168.5 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional) e estar en posesión dalgún dos requisitos:
 - o Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, enxeñeiro/a e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso a titulación de Formación Profesional ou outros que , a efectos de docencia se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixirase que esa titulación citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir, a estes efectos remitirán xunto coa súa





solicitud documentación completa relativa aos plans de estudo.

No caso de non contar con ningunha das titulacións anteriormente indicadas: Ter experiencia profesional de, ao menos, **4 anos no eido das unidades de competencia** da cualificación profesional de referencia e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia (salvo as excepcións recollidas no artigo 168.5 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional).

Persoa monitora de Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais (SEAG0209) e Xestión de residuos urbanos e industriais (SEAG0108):

* Para o caso de non atopar unha persoa monitora que cumpra cos requisitos de ambos certificados contratárase unha persoa por certificado, sendo a contratación de 5 e 4 meses respectivamente.

As persoas candidatas deberán de cumprir un dos requisitos seguintes:

- Dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia (salvo as excepcións recollidas no artigo 168.5 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional) e estar en posesión dunha das seguintes titulacións:
 - o Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, enxeñeiro/a e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso a titulación de Formación Profesional ou outros que , a efectos de docencia se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixirase que esa titulación citada incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir, a **estes efectos remitirán xunto coa súa solicitud documentación completa relativa aos plans de estudo.**
 - o No caso de non contar con ningunha das titulacións anteriormente indicadas: Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se





desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

3. Actuacións e obxectivos xerais do traballo.

OPERACIÓNS AUXILIARES DE REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN (EOCB0109) e LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓN INDUSTRIAIS (SEAG0209) E XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS E INDUSTRIAIS (SEAG0108) E LIMPEZA EN SUPERFICIES E MOBILIARIO EN EDIFICIOS E LOCAIS (SSCM0108):

O obxectivo primordial deste obradoiro dual de emprego é a mellora da empregabilidade de cara a acadar posterior inserción no mercado laboral ben por conta propia, por conta allea, ou a través incentivos á contratación que se soliciten neste programa para aquelas persoas participantes que rematen o obradoiro dual con resultado de apto e que terán a ocasión de por en práctica os coñecementos adquiridos en empresas do ámbito das materias impartidas no obradoiro dual de emprego.

Este obradoiro pretende tamén cubrir un aspecto clave dos concellos de Ribadeo e Barreiros como é o caso da limpeza, o mantemento e o tratamento dos refugallos xerados, realizando labores de limpeza en espazos abertos, instalacións e equipamentos industriais, recollendo, transportando e eliminando residuos urbanos e industriais.

Incidir na concienciación e sensibilización da poboación de ámbolos dous concellos en aspectos básicos de recollida separada e xestión do lixo doméstico, poñendo en valor a importancia do tratamento de residuos para evitar a degradación dos espazos naturais e, así mesmo, concienciar á veciñanza da posibilidade en moitos casos da reciclaxe e da recuperación de multitude de elementos que a priori parecen irrecuperables.

A recuperación unha parte do patrimonio histórico, artístico e cultural do Concello de Ribadeo, realizando actuacións de rehabilitación e mantemento do Forte de San Damián, ben de interese cultural dende 1949.

E a rehabilitación e acondicionamento de infraestruturas culturais e recreativas dos concellos de Barreiros e Ribadeo.

Para iso, executaranse as seguintes actuacións no desenvolvemento do obradoiro dual de emprego:

Concellos de Ribadeo e Barreiros:

- Actuación de conservación e recuperación da Muralla do Forte de San Damián
- Acondicionamento de limpeza e pintado interior de lavadoiro
- Acondicionamento das antigas escolas de Vilamar





- Acondicionamento do antigo edificio do Motor club
- Limpeza de rúas:
 - Ribadeo: rúa de Vilafranca do Bierzo, San Roque e Clemente Martínez
 - Barreiros: praza de San Cosme e praza de San Miguel
- Limpeza de praias:
 - Barreiros: punta da Angueira, praia de Altar, praia de San Bartolo, praia do Acantilado-Remior, praia de Coto, praia de Fontela-Balea, praia de Lóngara, Praia de A Pasada e praia de Arealonga.

- Limpeza de instalacións e equipamentos industriais
 - Ribadeo: nave municipal de obras sita na parroquia de Vilaselán
 - Barreiros: espazo confinado sito no punto limpo do concello

- Limpeza, tratamento de solos, paredes e teitos en edificios e locais
 - Ribadeo: oficina de turismo, auditorio e cine-teatro
 - Barreiros: casa do Concello e centro socio-cultural en San Cosme
- Limpeza do mobiliario interior
 - Ribadeo: oficina de turismo, auditorio e cine-teatro
 - Barreiros: casa do Concello e centro socio-cultural en San Cosme

- Limpeza de cristais en edificios e locais
 - Ribadeo: oficina de turismo, auditorio e cine-teatro
 - Barreiros: casa do Concello e centro socio-cultural en San Cosme

- Técnicas e procedemento de limpeza con utilización de maquinaria
 - Ribadeo: nave municipal de obras sita na parroquia de Vilaselán
 - Barreiros: espazo confinado sito no punto limpo do Concello

- Xestión de residuos urbanos e inertes
- Sustentabilidade dos residuos urbanos-campaña de sensibilización na poboación
- Xestión de residuos industriais no punto limpo de Barreiros

4. Outras funcións do/s posto/s.

- Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativos, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas-traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do programa de emprego.
- Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo.
- Serán as responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir e da aprendizaxe das persoas alumnas.





- Colaborarán coa persoa coordinadora na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas e serán as responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.
- Serán as responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas-traballadoras do programa de emprego, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada persoa traballadora participante e o control de asistencia correspondente ao mencionado período.
- Elaborarán nas datas e forma que a persoa coordinadora lles fixe unha listaxe global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.
- Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albaráns ata a súa entrega á dirección do programa de emprego.

5. Funcións de coordinación asociadas á persoa monitora de Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (EOCB0109)

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo de coordinador desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do programa de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do proxecto.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Supervisar a dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

Segunda.- Características dos contratos de traballo

Os contratos de traballo que subscribirá a entidade promotora coas persoas candidatas seleccionadas **terán carácter temporal polo tempo indicado nestas bases, e serán a tempo completo asimilados ás categorías A2, B ou C1 en función das titulacións académicas de acceso aos postos de traballo.** Aos





contratos de traballo subscritos poderase aplicar o disposto no artigo 34.2 do Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego.

O traballo desenvolverase nas instalacións do Concello de Ribadeo e do Concello de Barreiros. O desprazamento aos diferentes lugares de traballo correrá a cargo da persoa traballadora.

Terceira.- Procedemento de selección

1. Desenvolvemento dunha proba práctica

As actividades selectivas terán por finalidade determinar a adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán no desenvolvemento dun proxecto didáctico.

Características do proxecto didáctico:

O proxecto didáctico constará dun máximo de 10 folios a dobre cara, fonte: Times New Roman 12.

O proxecto didáctico basearase no certificado de profesionalidade ou programa formativo de referencia do posto de traballo e no desenvolvemento **dun módulo ou unidade formativa co seguinte contido:**

- Proposta de planificación didáctica do certificado de profesionalidade ou programa formativo da ocupación de referencia (segundo Anexo III da Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro polo que se desenvolver o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicacións) ou no seu defecto, do programa formativo da especialidade.
- Programación didáctica dun módulo formativo ou unidade formativa de referencia (segundo Anexo IV da nomeada Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro) no que se farán constar:
 - o Obxectivos (Capacidades)
 - o Contidos (en relación coas capacidades)
 - o Estratexias metodolóxicas
 - o Actividades de aprendizaxe
 - o Recursos necesarios.
- Avaliación formativa do módulo formativo ou unidade formativa do apartado anterior:





- Instrumentos de avaliación teórica en relación cos criterios de avaliación.
- Instrumentos de avaliación práctica en relación cos criterios de avaliación.
- Organización do traballo real asociado ao módulo formativo ou unidade formativa do apartado anterior.
- Instrumentos de avaliación e control de traballo real asociado ao módulo formativo ou unidade formativa de referencia do apartado anterior.
- Relacións Humanas.
- Outros.

1.1. Desenvolvemento da proba

Con carácter xeral, o persoal aspirante preseleccionado será convocado o día e a hora correspondente, sendo excluídos das probas os que non comparezan, salvo nos casos debidamente xustificadas que serán apreciados e ponderados libremente polo órgano de selección.

Ao inicio da proba recolleranse todos os proxectos presentados, quedando unha copia no expediente para a súa custodia. A duración da proba será aproximadamente de 20 minutos, tendo a persoa candidata un máximo de 10 minutos de exposición do proxecto e o tribunal contará con un máximo de 10 minutos para preguntar sobre o contido do proxecto o exposición realizada en relación co posto.

1.2. Puntuación da proba práctica

A valoración da proba será de 0 a 10 puntos, sendo condición indispensable obter un mínimo de 5 puntos na puntuación final da proba técnica, en caso contrario, a persoa candidata quedará excluída do proceso selectivo.

2. Exercicio de idioma galego

Este exercicio será eliminatorio e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 10 minutos. Valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Se o exercicio contén mais de 15 faltas considerarase como NON APTO .

***Quedarán exentas de celebrar este exercicio aquelas persoas aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4.**





3. Baremo de méritos para a fase de concurso

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

3.1. Experiencia profesional:

Experiencia profesional: como monitor/a en escolas obradoiro, casas de oficio ou obradoiros de emprego: 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 2,00 puntos.

Experiencia profesional: exceptuando a anterior, en postos de traballo en postos relacionados coa especialidade formativa a impartir ou a actividade a desenvolver no proxecto formativo obxecto da convocatoria e coa categoría profesional esixidas nas presentes bases: 0,05 puntos por cada mes completo e ata un máximo de 1,00 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,00 puntos .

O período mínimo de experiencia esixido que é imprescindible para participar no proceso selectivo non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- No caso de persoas traballadoras por conta allea: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social xunto cos contratos de traballo, así como calquera outro medio que permita ter constancia de dita experiencia profesional (certificado de funcións, etc.).
- No caso de persoas traballadoras autónomas: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

3.2. Formación:

Titulación complementaria: Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente e/ou estea relacionada coas funcións a desenvolver: 0,50 puntos.





A titulación mínima esixida para participar no proceso selectivo non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

Cursos: Valoraranse cursos relacionados directamente coa materia e impartidos por Administracións Públicas ou entidades dependentes ou homologados polas AA.PP.

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos
- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos dos mesmos e ter sido impartidos por entidades públicas ou entidades homologadas por ela. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,00 puntos.

Coñecementos do idioma galego: Valoraranse aqueles cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude:

- Curso de linguaxe administrativa galega de nivel medio: 0,25 puntos
- Curso de linguaxe administrativa galega de nivel superior: 0,50 puntos

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente. No caso de acreditarse as dúas titulacións só se terá en consideración o grao superior.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 0,50 puntos.

Finalización contratos anteriores en programas ou obradoiros duais de emprego: Valorarase que a persoa candidata completase na súa totalidade contratos anteriores anterior como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola Consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia: 1 punto

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 1,00 punto.





Cuarta.- Puntuacións finais

Finalizado o proceso de selección, procederáase ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

Ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados na proba práctica e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

En caso de empate nas puntuacións finais aplicaránse as normas establecidas pola circular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego que recolle as instrucións en relación co procedemento de selección do persoal docente e de apoio así como do alumnado -traballador dos programas de emprego:

- a. O maior tempo acreditado como persoa desempregada.
- b. Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola Consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- c. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- d. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- e. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- f. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- g. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- h. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- i. A persoa de maior idade.

Quinta.- Admisión

Unha vez elaborada a proposta de persoal docente a contratar para o proxecto, remitirase á correspondente Dirección Territorial de Lugo da Xunta de Galicia que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto non cumprira ditos requisitos a Dirección comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. A contratación non se poderá facer efectiva en tanto a dirección non comprobe a persoa docente reúne os requisitos.





A persoa seleccionada deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no programa de emprego, e declaración responsable de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, se a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o tribunal proporá a aquela aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houbesen superado o proceso selectivo procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo axustándose a estas bases.

Sexta.- Listaxe de reserva

Rematado o proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva formada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveron as mellores puntuacións finais para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningunha das persoas integrantes estivera dispoñible para a súa contratación, a entidade promotora iniciará un novo procedemento de selección.

Sétima.- Oferta de emprego

OFERTA 1: Persoa monitora de Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (EOCB0109)

- **Ámbito xeográfico:** Concellos de Ribadeo e Barreiros. De non atoparse persoas candidatas ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 persoas candidatas por posto. Se despois diso aínda non se acadaran as 3 persoas candidatas poderase ampliar a sondaxe a nivel provincial e incluso autonómico.
- **Número de persoas candidatas a remitir pola oficina de emprego:** 3 persoas candidatas por posto
- **Número de postos:** 1
- **Data na que deberá ser cursada:** ata o 15.11.2024
- **Data a partir da que será realizada a sondaxe:** dende a publicación das bases de selección





- **Data na que se realizará a selección:** o 21.11.2024
- **Requisitos:** segundo bases

OFERTA 2: Persoa monitora de Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais (SEAG0209) e Xestión de residuos urbanos e industriais (SEAG0108)

- **Ámbito xeográfico:** Concellos de Ribadeo e Barreiros. De non atoparse persoas candidatas ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 persoas candidatas por posto. Se despois diso aínda non se acadaran as 3 persoas candidatas poderase ampliar a sondaxe a nivel provincial e incluso autonómico.
- **Número de persoas candidatas a remitir pola oficina de emprego:** 3 persoas candidatas por posto
- **Número de postos:** 1
- **Data na que deberá ser cursada:** ata o 15.11.2024
- **Data a partir da que será realizada a sondaxe:** dende a publicación das bases de selección
- **Data na que se realizará a selección:** o 21.11.2024
- **Requisitos:** segundo bases

Oitava.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Presidenta:

Titular: Mónica Barcia Paredes, Axente de Emprego e de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo

Suplente: José Luís Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo

Vogais:

Titular: Begoña Teijeiro Campo, Secretaria do Concello de Barreiros

Suplente: Jaime Pérez Fernández, Técnico de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo

Titular: Francisco M. Moreda Gil, Arquitecto Municipal do Concello de Ribadeo

Suplente: Verónica Fernández Pérez, Responsable OMIX de Ribadeo

Titular: Carlos Longarela Sanfiz, Arquitecto Municipal do Concello de Ribadeo.

Suplente: María Neves Paz Vilar, Técnica de Cultura do Concello de Ribadeo

Secretario con voz e sen voto:

Titular: D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello, Secretario en funcións da Corporación municipal de Ribadeo.

Suplente: D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación da Corporación Municipal.





Solicítase que o órgano de selección **poda contar con asesores na materia** obxecto das probas para o desenvolvemento das mesmas.

Novena.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), copia do DNI/NIF, relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos (segundo as esixencias destas bases); titulación xunto co plan de estudos no seu caso, acreditación da experiencia laboral no seu caso, Acreditación do cumprimento da habilitación da docencia, carnet de conducir, Certificados Celga (no seu caso), cursos etc..

Toda esta documentación deberá achegarse polas persoas interesadas en orixinais e copia para a súa compulsa ou copia xa compulsada.

Décima.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DATA DAS PROBAS DA SELECCION

As solicitudes poderán presentarse trala sondaxe da oficina de emprego ou directamente a través do rexistro do Concello ou a través da sede electrónica da entidade: www.ribadeo.gal, e se a documentación se presentase a través do rexistro doutra administración deberá comunicarse este extremo ao Concello por correo electrónico ou por escrito aos efectos de poder coñecer tal presentación. **O prazo de presentación de solicitudes esténdese ata o día 15 de novembro de 2024 ás 14 horas.**

Ao día seguinte publicarse a resolución coa listaxe de persoas admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios e/ou web municipal: www.ribadeo.gal

A proba ou probas de selección de persoal e a cualificación dos méritos realizarase o día **21 de novembro de 2024, na Casa do Concello a partir das 9:00 horas para o posto de Monitor/a de Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (EOCB0109), ás 11:00 horas para o posto de Monitor/a de Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais (SEAG0209) e Xestión de residuos urbanos e industriais (SEAG0108)** agás que por razóns técnicas ou doutra índole o Tribunal avaliador decida calquera modificación que será comunicada ás persoas aspirantes.

Undécima.- PUBLICIDADE

As presentes bases e convocatoria publicaranse nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Ribadeo e Barreiros e nas sedes electrónicas das entidades.





Duodécima.- OUTRAS CUESTIÓN

As persoas aspirantes seleccionadas, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitas ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.”

Segundo.- Publicar esta Resolución no taboleiro de anuncios do concello de Barreiros, remitir copia da mesma ó concello de Ribadeo para constancia da aprobación das bases e prestar conformidade coa designación da secretaria-interventora Begoña Teijeiro Campo para que forme parte dos tribunais de selección destes postos de traballo.

ASINADA DIXITALMENTE Á MARXE

